

V CONVOCATORIA DE BECAS ENCE PONTEVEDRA PARA ESTUDOS DE MÁSTER

28 de abril de 2016

1. Presentación

Dentro do seu compromiso de mellora permanente e de contribución ao desenvolvemento económico e social dos territorios onde desenvolve a súa actividade empresarial, Ence leva a cabo diversas iniciativas sociais e ambientais que constitúan unha achega eficaz a necesidades fundamentais das persoas dos devanditos territorios.

A nosa sociedade precisa esforzos por parte de todos os colectivos sociais, e concretamente o empresarial, para facer fronte a retos sociais sen precedentes cos que nos atopamos na nosa comunidade. Estes retos necesitan, entre outros factores, de mozos e mozas que poidan acceder ao mundo do traballo coas mellores capacidades profesionais. Só sobre esta base poderemos construír un tecido empresarial capaz de afrontar as esixencias e dificultades do ámbito económico, e avanzar cara a unha sociedade máis próspera e un contorno sustentable.

Para este fin, Ence presenta a súa V Convocatoria de Bolsas Ence Pontevedra para Estudos de Máster, programa co que quere contribuír a desenvolver as capacidades formativas e a excelencia profesional dos veciños residentes na cidade de Pontevedra e a súa bisbarra.

2. Convocatoria

Ence convoca para o curso académico 2016-2017 cinco bolsas para realizar estudos de máster en universidades e centros académicos de España e o estranxeiro.

Terán prioridade os programas relacionados con:

- . Protección do medio e a biodiversidade;
- . Ciencias forestais e agrarias;
- . Enxeñería, desenvolvemento industrial e infraestruturas territoriais;
- . Administración e xestión da empresa;
- . Ciencias sociais e da comunicación.

A convocatoria ábrese o día da súa publicación e finaliza o 10 de xullo de 2016.

3. Requisitos

- As bolsas de Ence Pontevedra están dirixidas a estudantes novos residentes na cidade de Pontevedra e a súa comarca.
- Os candidatos e/ou candidatas deberán atoparse no momento da presentación da solicitude en posesión dun título superior universitario recoñecido.
- Poderán solicitar a bolsa estudantes que se atopen cursando o último ano de carreira no curso académico 2015-2016. Neste caso, a concesión da bolsa quedará condicionada á obtención do título universitario na convocatoria de xuño/xullo de 2016, coa mesma nota media ou superior á que tiñan ata o momento da convocatoria.
- Coñecemento de idiomas: os aspirantes deberán acreditar coñecemento de inglés mediante a presentación dun certificado de recoñecido prestixio (First Certificate, TOEFL ...).
- Os aspirantes non poderán ser beneficiarios de ningunha outra bolsa, axuda económica, ou calquera outra asignación de similar natureza de institucións e fundacións públicas ou privadas, durante o período de goce da axuda de Ence.

4. Documentación

Para optar á Bolsa, a persoa interesada deberá enviar a becasencepontevedra@ence.es a seguinte documentación, antes do próximo día 10 de xullo:

- Carta de motivación asinada pola persoa aspirante, na que detalle o programa de máster que desexe realizar, centro académico e xustificación da elección.
- Fotocopia do documento nacional de identidade ou do pasaporte.
- Currículo con fotografía recente.
- En caso de que finalizase os estudos superiores, fotocopia do título/s de grao superior ou resgardo de pedimento deste.
- Fotocopia dos certificados que detallen as materias e nota media de todas as titulacións.
- Certificado acreditativo do nivel de idiomas.

Valoraranse as cartas de referencia de profesores universitarios ou doutras persoas relevantes que tiveran contacto académico co solicitante. En caso de superar o proceso de selección, Ence poderá requirir a presentación dos documentos orixinais ou cotexados.

5. Selección

O proceso de selección incluirá unha primeira preselección realizada sobre a documentación presentada polas persoas que aspiren ás bolsas e a súa adecuación ás bases da convocatoria. Ence constituirá un comité de selección co fin de valorar os candidatos preseleccionados. Ademais, Ence poderá concertar unha entrevista persoal coas persoas aspirantes durante o próximo mes de xullo, co fin de avaliar as súas condicións persoais, formación integral e motivación.

Esta convocatoria poderá declararse deserta, para todas ou algunhas das bolsas ofertadas, cando o comité de selección así o propoña a Ence.

6. Nomeamento dos candidatos e/ou candidatas

Unha vez finalizadas as entrevistas, o comité de selección propoñerá a relación de candidatos/ás seleccionados/ás e unha lista de suplentes, que Ence comunicará directamente ás persoas interesadas antes do 2 de agosto de 2016.

A relación de candidaturas aprobada por Ence é definitiva e inapelable. Ence non facilitará información sobre as solicitudes desestimadas.

O nomeamento final de candidatos e/ou candidatas queda suxeito á presentación a Ence antes do 6 de setembro de 2016 de certificación de petición de matrícula ou admisión definitiva para cursar estudos correspondentes no centro académico elixido ou, se é o caso, da presentación por parte dos estudantes de último ano de carreira da certificación oficial acreditativa de obter o título correspondente.

En caso de non admisión ou de non finalización dos estudos, o candidato perderá o dereito á Bolsa.

7. Dotación económica

As Bolsas Terán a seguinte dotación:

- Para estudos en universidades de Galicia: 3.000 €
- Para estudos noutros puntos de España: 3.000 € + Axuda Desprazamento: 1.000 €.
- Para estudos en universidades doutros países. 6.000 €.

As devanditas cantidades transferiranse á conta corrente que indique o beneficiario do seguinte modo:

- O 50% á presentación dun xustificante válido da realización da matrícula correspondente ao programa elixido, expedido polo centro académico.
- O 50% restante cando o alumno ou alumna poida xustificar que superou os estudos de Master. Aplicarase a retención correspondente por IRPF nos casos que proceda.

8. Obrigas das persoas que obteñan as Bolsas

Cada unha das persoas subvencionadas comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:

Realizar os estudos previstos, conforme á solicitude presentada.

Por requirimento de Ence, o candidato deberá acreditar, con documentos orixinais ou compulsados, a información que durante o proceso de selección remitira mediante fotocopias ou arquivos electrónicos.

- Ao finalizar os estudos, a persoa subvencionada deberá enviar os resultados dos estudos efectuados.
- A persoa subvencionada deberá comunicar a Ence o seu enderezo no lugar de destino inmediatamente despois da súa chegada. Ademais, deberá informar de calquera cambio de dirección postal ou de correo electrónico mentres goce da bolsa.

- Se se derivase dos estudos algunha publicación, o autor deberá facer constar a súa condición de bolseiro/a de Ence.
- No caso de que Ence organice un acto de entrega das bolsas, recibir persoalmente a citada bolsa no tempo e lugar que se comunique oportunamente ao bolseiro ou bolseira. A non asistencia ao acto de entrega da bolsa supoñerá a renuncia automática a esta.
- En caso de que o bolseiro ou bolseira renuncie á bolsa durante o transcurso dos estudos, deberá devolver a Ence as cantidades que lle foron aboadas.
- En caso de que a persoa receptora da Bolsa non cumpra os citados compromisos -ou calquera outro incluído nas condicións da bolsa- Ence resérvase o dereito a proceder como considere conveniente, e mesmo a solicitar a devolución das cantidades recibidas.